17.566, Dª Elisa Núñez Abeijón, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos ocasionados por mor do accidente, que cuantifica na contía de 589,27 euros, segundo presuposto 2023/05/29 de data 29/05/2023 realizado por Daniel Santos Sanles, e que achega mediante escrito rexistrado de entrada na data 29/05/2023 co número 13.050 xunto co permiso de conducir e a documentación que acredita a titularidade do vehículo.

*Terceiro.-* Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe realizado pola Policía local na data 17/08/2023; e informe emitido pola enxeñeira municipal na data 27/09/2023.

*Cuarto.-* Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por parte dos reclamantes.

*Quinto.-* Mediante escrito rexistrado de entrada na data 16/11/2023 co número 26.621, a Sra. Núñez Abeijón achega un novo presuposto de arranxo do vehículo emitido por "*Auto Maruxo Reparaciones S.L.*" de data 15/11/2023, pola contía de 597,72 euros.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**PRIMEIRO.-**

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

**SEGUNDO.-**

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**TERCEIRO.-**

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións

CSV: 07E80012F58600Q9C5P9T2I8N0



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80012F58600Q9C5P9T2I8N0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
VICENTE MARIÑO DE BRICIO-ALCALDES EN FUNCIONES - 27/01/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/01/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/01/2024 09:20:29

DOCUMENTO: 20241242502
Fecha: 29/01/2024
Hora: 09:20

producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

**CUARTO.-**

En referencia agora ó presente caso**, a reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, e **segundo o permiso de circulación do vehículo, a titular do mesmo é Dª Elisa Núñez Abeijón**, polo que ten lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento.

**A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Ribeira, como titular do viario no que tivo lugar o accidente** (así se fai constar no informe emitido pola enxeñeira municipal). A este respecto cómpre sinalar que o servizo de pavimentación das vías públicas é un servizo que deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no automóbil referido**, como se desprende dos orzamentos de reparación que a reclamante achega coa súa reclamación.

Seguidamente, cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público cal é o servizo público viario, xa que a Administración ten o deber ineludible de manter as estradas que estean abertas á circulación pública de xeito tal que estea garantida en calquera momento a seguridade persoal daqueles que as utilicen. Isto implica o recoñecemento a favor destes dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que aquela está obrigada a garantir.

Pois ben, no que ao presente suposto se refire**, non consta acreditada a relación causal dos danos no vehículo co deficiente funcionamento do servizo público viario.** Así, a

CSV: 07E80012F58600Q9C5P9T2I8N0



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80012F58600Q9C5P9T2I8N0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
VICENTE MARIÑO DE BRICIO-ALCALDES EN FUNCIONES - 27/01/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/01/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/01/2024 09:20:29

DOCUMENTO: 20241242502
Fecha: 29/01/2024
Hora: 09:20

estes efectos, **a Policía Local** no informe de data 17/08/2023 realizado na instrución deste expediente, **fai constar que non tivo coñecemento do accidente polo que se reclama e que o paso a nivel da Rúa Alcalde Fernández Bermúdez se atopa debidamente sinalizado e a unha altura establecida como correcta.**

**A enxeñeira municipal no informe emitido na data 27/09/2023, dispón que**: *"(...) En el departamento de obras públicas no se tuvo constancia del accidente por el que se reclama, por lo que no consta realizada una inspección al lugar en la fecha del suceso (14/09/2022). Si se ha realizado una inspección a la zona el día 28/08/2023 comprobando lo siguiente: El lugar del accidente se encuentra en la Calle Alcalde Fernández Bermúdez dentro de la zona del casco urbano de la parroquia de Ribeira, por lo que el límite de velocidad permitida es de 30 km/h. En el tramo del accidente el paso de cebra está a nivel de la acera, habiendo una diferencia de cota de 13/14 cm por una rampa (NE), y unos 12/13 cm por la otra rampa (SO) con respecto a la vía. En la rampa NE medimos una longitud horizontal aproximada de 1,70 m y en la rampa SO medimos una longitud horizontal aproximada de 1,30 m. Existen varios parches de aglomerado asfáltico en las zonas rodadas en ambos sentidos para suavizar levemente la inclinación de las rampas. Y por último se comprueba que la zona de paso para los peatones está enrasada con el acerado de ambos lados de la vía. No se aprecia nada que llame la atención en dicho paso de cebra. Es necesario hacer mención de la Instrucción Técnica para la instalación de reductores de velocidad y bandas transversales de alerta en carreteras de la Red de Carreteras del Estado (Orden FOM/3053/2008), que en su punto 3.3.2.1. se dispone que la longitud de las rampas en los pasos peatonales sobreelevados será de 1 metro para el caso de "zona 30". **Aplicando la citada normativa al paso peatonal de la Calle Alcalde Fernández Bermúdez se concluye que no existe ninguna irregularidad en el mismo y que la rampa de dicho paso tiene aún más longitud que la recomendada en la referida instrucción técnica, lo que hace que se suavice todavía más la misma.** No se tiene nada más que añadir al respecto."*

Non resulta acreditada por esta Administración a existencia dun caso de forza maior, nin a neglixencia do reclamante ou a intervención de terceiros.

En consecuencia, **enténdese que non existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados ao vehículo marca Opel, con matrícula 8150 GZS, propiedade de Dª Elisa Núñez Abeijón.

Por todo o exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 19/01/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por **Dª Elisa Núñez Abeijón,** polos danos no vehículo marca Opel, con matrícula 8150 GZS, polos motivos e fundamentos antes expostos.

---

**21.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. DARÍO TRILLO LEMA, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE LOLALUNARES S.L., POLOS DANOS OCASIONADOS EN LOCAL COMERCIAL COMO CONSECUENCIA DO ATASCO DA REDE XERAL DE SANEAMENTO. EXPEDIENTE 2021 RESP000016**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. Darío Trillo Lema, en nome e representación de LOLALUNARES S.L.,** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

CSV: 07E80012F58600Q9C5P9T2I8N0



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80012F58600Q9C5P9T2I8N0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
VICENTE MARIÑO DE BRICIO-ALCALDES EN FUNCIONES - 27/01/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/01/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/01/2024 09:20:29

DOCUMENTO: 20241242502
Fecha: 29/01/2024
Hora: 09:20

**FEITOS**

*Primeiro*.- O día 23 de outubro de 2020, produciuse unha inundación de augas fecais no local comercial destinado a comercio de roupa infantil, sito no baixo do edificio sinalado co número 18 da Rúa Pérez Galdós, do municipio de Ribeira, como consecuencia dun atasco na rede xeral de saneamento municipal, ocasionando danos na roupa e no céspede artificial que cubría o chan do local comercial.

*Segundo.-* Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 11/10/2021 co número 202100018351, D. Darío Trillo Lema, en nome e representación da sociedade LOLALUNARES S.L., promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos ocasionados por mor da inundación, que cuantifica na contía de total de 7.113,82 euros.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: mandato de representación asinado na data 11/10/2021; escritura de cambio de denominación e domicilio da sociedade Lolalunares S.L. , autorizada polo Notario de Santiago de Compostela, D. Manuel Remuñan López, na data 20/02/2020 co número 349 de protocolo; copia do contrato de arrendamento do local destinado ó negocio de comercio de roupa infantil; informe pericial emitido por GET Pericial (número de referencia 39078); e diversas facturas dos danos ocasionados.

*Terceiro.-* Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe realizado pola Policía local na data 31/01/2022; informe emitido pola entidade Viaqua, rexistrado de entrada na data 08/02/2022 co número 202200002247; informe emitido por GETPericial, emitido na data 28/04/2022; informe realizado pola entidade "*Marqués de Marancán S.L.*", rexistrado de entrada na data 08/03/2023, co número 202300005994; e informe emitido pola enxeñeira municipal na data 14/11/2023.

*Cuarto.-* Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por ningunha das partes interesadas.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**PRIMEIRO.-**

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

**SEGUNDO.-**

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**TERCEIRO.-**

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os

CSV: 07E80012F58600Q9C5P9T2I8N0



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80012F58600Q9C5P9T2I8N0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
VICENTE MARIÑO DE BRICIO-ALCALDES EN FUNCIONES - 27/01/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/01/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/01/2024 09:20:29

DOCUMENTO: 20241242502
Fecha: 29/01/2024
Hora: 09:20

particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

**CUARTO.-**

En referencia agora ó presente caso**, a entidade reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do sinistro que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, e **segundo se fai constar na documentación achegada co seu escrito de reclamación, a titular do negocio afectado pola inundación na data de producirse a mesma é a entidade LOLALUNARES S.L.**, polo que ten lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento.

CSV: 07E80012F58600Q9C5P9T2I8N0



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80012F58600Q9C5P9T2I8N0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
VICENTE MARIÑO DE BRICIO-ALCALDES EN FUNCIONES - 27/01/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/01/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/01/2024 09:20:29

DOCUMENTO: 20241242502
Fecha: 29/01/2024
Hora: 09:20

Actúa representada por D. Dario Trillo Lema, que acredita debidamente a representación coa que actúa, segundo escrito de mandato de representación que achega co escrito de reclamación.

**A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde tanto ao Concello de Ribeira,** como Administración titular das obras realizadas na Rúa Pérez Galdós, **como á entidade contratista das mesmas, neste caso á entidade "Marqués de Marancán S.L.".**

Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no local referido**, como se desprende do informe pericial que a entidade reclamante achega coa súa reclamación.

Seguidamente, **cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público**.

Pois ben, na instrución do expediente obtivéronse os seguintes informes:

- **Informe emitido pola Policía Local** na data 31/01/2022 no que se dispón que nos arquivos policiais **non consta ningún informe en relación ós danos no local comercial referido** e que polo tanto descoñecen as causas e os danos ocasionados.
- **Informe emitido pola entidade VIAQUA** no que se dispón canto segue: *"(...) Neste servizo tívose coñecemento de dito evento, desprazándose persoal do Servizo ata o lugar do sinistro na data especificada.* ***Durante a inspección detectouse que a incidencia veu motivada porque durante o desenvolvemento das obras promovidas polo Concello de Ribeira de renovación e cambio de colector de saneamento na rúa Pérez Galdós, a empresa que realizaba os traballos deixou sen conectar a acometida de saneamento do edificio sito en rúa Pérez Galdós nº 18.*** *Indicar que a empresa construtora procedeu á súa correcta conexión, feito que solucionou a incidencia. Polo anterior, indicar que a inundación referida veu motivada polo desenvolvemento da ditas obras promovidas polo Concello de Ribeira, e non debido* ó funcionamento normal ou anormal do servizo municipal de saneamento. (...)."
- **Informe emitido por GETPericial** na data 28/04/2022 no que se dispón: *"(...) Que se afirma y ratifica íntegramente en el informe elaborado,* ***siendo los daños causados por un atasco y posterior rebose de aguas fecales por la arqueta existente en el local provocando la inundación del mismo****. Que se ratifica en la valoración de daños efectuada por* ***importe de 7.113,82 euros****, basándome, para la realización de la reparación, en las facturas facilitadas por la perfudicada, precios de mercado e inspección visual de los daños."*
- **Informe emitido pola entidade "*Marqués de Marancan S.L.*"** emitido na data 08/03/2023 no que declara o seguinte: "***1. Ser Marqués de Marancán S.L. la empresa adjudicataria de las obras del proyecto "Pavimentación e renovación de servizos nas rúas Escorial e Pérez Galdós (Ribeira)".*** *2 Que dicha obra tuvo comienzo el 7 de enero del año 2020 y quedó finalizada el 4 de mayo del mismo año. 3 Ser conocedor de la inundación producida en la fecha 23 de octubre de 2020 en el local comercial situado en el bajo del edificio señalado con el número 18 de la Rúa Pérez Galdós. 4* ***Si haber realizado la acometida general de saneamiento del edificio situado en la rúa Pérez Galdós nº 18, según el proyecto facilitado por el Concello para dicha obra,*** *y siendo supervisados y teniendo la aprobación en todo momento de la empresa designada por el Concello para tal fin.* ***La tubería afectada era una tubería antigua situada a un nivel inferior al de realización de las obras y no reflejada en el proyecto , por lo cual no***



CSV: 07E80012F58600Q9C5P9T2I8N0

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80012F58600Q9C5P9T2I8N0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
VICENTE MARIÑO DE BRICIO-ALCALDES EN FUNCIONES - 27/01/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/01/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/01/2024 09:20:29

DOCUMENTO: 20241242502
Fecha: 29/01/2024
Hora: 09:20

***teníamos conocimiento de su existencia en el momento de realizar el enganche al edificio al que pertenece el local afectado****. 5. Haber realizado las obras pertinentes para solucionar el problema de inundación, quedando los costes sufragados por Marques de Marancán S.L.. 6. Por todo lo anterior, la empresa Marques de Marancán no se considera responsable de dicha avería ya que el enganche afectado estaba conectado a un colector antiguo con un nivel muy inferior al de la tubería de saneamiento existente, del cual no tenía conocimiento ningún técnico municipal ni la empresa Viaqua. Aún así la empresa Marques de Marancán procedió a realizar las obras de reparación sin que esto supusiese un costo ni a la administración ni al particular afectado asumiendo este costo Marqués de Marancán S.L."*

- **Informe emitido na data 14/11/2023 pola enxeñeira municipal** que dispón canto segue a continuación: "*En relación al expediente de referencia se afirma que se subscribe lo referido por la entidad Marqués de Marancán S.L., en su informe emitido en fecha 08/03/2023.* ***Efectivamente entre los meses de enero y mayo del año 2020, la entidad Marqués de Marancán S.L. procedió a la ejecución de la obra denominada "Pavimentación y renovación de servicios en las calles Escorial y Pérez Galdos (Ribeira)"*** ***de conformidad con el proyecto realizado por el Ayuntamiento de Ribeira para la citada obra, en el que no aparecía reflejada la tubería afectada al ser una tubería muy antigua situada a un nivel muy inferior al de realización de las obras, y de la cual nadie tenía conocimiento:*** ***ni los técnicos municipales, ni la entidad adjudicataria de las obras, ni siquiera la entidad Viaqua, que no la tenía localizada ya que no supo marcarla.*** *Es conveniente indicar que el proyecto no detalla la posición de la acometida, solamente recoge que hay que renovar una acometida por edificio. Con todo, y tal como se indica en el informe de la empresa contratista, esta procedió a realizar las actuaciones necesarias para solucionar el problema tan pronto se puso de manifiesto, asumiendo el coste de la realización de las obras de reparación necesarias. (...)"*

En consecuencia, e tendo en conta os informes citados, **enténdese que existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados ao local comercial situado no baixo do edificio nº 18 da Rúa Pérez Galdós, polo que se considera que concorren os requisitos para declarara e existencia de responsabilidade.

Acreditada a existencia dunha relación de causalidade entre o dano sufrido e o funcionamento do servizo público, así como a lexitimación pasiva tanto da Administración municipal como do contratista, **cómpre facer fincapé sobre quén ten que facer fronte á reparación dos danos.**

Segundo dispón o artigo 196 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos foran ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites sinalados nas Leis**.** Tamén será a Administración responsable dos danos que se causen a terceiros como consecuencia dos vicios do proxecto no contrato de obras, sen prexuízo da posibilidade de repetir contra o redactor do proxecto de acordo co establecido no artigo 315, ou no

CSV: 07E80012F58600Q9C5P9T2I8N0



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80012F58600Q9C5P9T2I8N0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
VICENTE MARIÑO DE BRICIO-ALCALDES EN FUNCIONES - 27/01/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/01/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/01/2024 09:20:29

DOCUMENTO: 20241242502
Fecha: 29/01/2024
Hora: 09:20

contrato de subministro de fabricación. Os terceiros poderán requirir previamente, dentro do ano seguinte á produción do feito, ao órgano de contratación para que este, oído o contratista, informe sobre a cal das partes contratantes corresponde a responsabilidade dos danos. O exercicio desta facultade interrompe o prazo de prescrición das accións. A reclamación daqueles formularase, en todo caso, conforme ao procedemento establecido na lexislación aplicable a cada suposto.

**A este respecto, enténdese que é o Concello de Ribeira quen ten que facer fronte á reparación dos danos ocasionados, xa que, como queda acreditado polos informes que constan no expediente, a inundación no local comercial foi debida á falta de conexión dunha tubaria existente no mesmo, que non aparecía reflectida no proxecto realizado polo Concello para a execución das obras**, cando de conformidade co artigo 233.1 b) da Lei 9/2017, os proxectos de obras deberán recoller os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, e segundo informe da enxeñeira municipal o proxecto non detalla a posición da acometida, soamente recolle que hai que renovar unha acometida por edificio, polo que se entende a existencia dun erro material ou defecto no proxecto da execución das obras na Rúa Pérez Galdós que debe asumir a administración municipal en virtude do disposto no artigo 196 da Lei 9/2017 ó indicar que a Administración será responsable dos danos que se causen a terceiros como consecuencia dos vicios do proxecto do contrato de obras.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 22/01/2024, e visto o informe emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 23/01/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Darío Trillo Lema, en nome e representación de LOLALUNARES S.L.**, **polos danos ocasionados no local comercial situado no baixo do edificio sinalado co número 18 da Rúa Pérez Galdós, polos motivos e fundamentos antes expostos, e pola contía de 7.113,82 euros.**

O abono da indemnización realizarase da forma seguinte: o Concello de Ribeira abonará a contía de 150 euros, que é a franquicia establecida nas condicións da póliza de seguro subscrita polo Concello coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas, e a aseguradora abonará a contía restante, isto é, 6.963,82 euros.

---

**22.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR Dª Mª DEL CARMEN GONZÁLEZ ESPERANTE, POLOS DANOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 7015 BYN OCASIONADOS COMO CONSECUENCIA DUNHA FOCHA NA CALZADA. EXPEDIENTE 2023 RESP000007.**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **Dª Mª del Carmen González Esperante,** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

**FEITOS**

*Primeiro*.- O día 21 de decembro de 2021, D. Alejandro González Otero, circulaba no vehículo, marca Citroen, modelo Saxo, con matrícula 7015 BYN, propiedade de Dª Mª del

CSV: 07E80012F58600Q9C5P9T2I8N0



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80012F58600Q9C5P9T2I8N0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
VICENTE MARIÑO DE BRICIO-ALCALDES EN FUNCIONES - 27/01/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/01/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/01/2024 09:20:29

DOCUMENTO: 20241242502
Fecha: 29/01/2024
Hora: 09:20

Carmen González Esperante, pola estrada que vai de Ribeira a Aguiño, cando á altura aproximada do Colexio de Carreira, en dirección ó lugar de Vilar, bateu cunha focha na calzada o que lle o ocasionou diversos danos no vehículo.

*Segundo.-* Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 19/12/2022 co número 24324, Dª Mª del Carmen González Esperante, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos ocasionados por mor do accidente, que cuantifica na contía de 201,71 euros mais os xuros que legalmente lle correspondan.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: parte de servizo nº 2496 realizado pola Policía local; informe de valoración realizado pola entidade aseguradora acompañado de diversas fotografías do automóbil, das pezas danadas do mesmo e da documentación relacionada co vehículo accidentado.

*Terceiro.-* Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe realizado pola Policía local na data 28/02/2023 e informe realizado pola enxeñeira municipal na data 16/11/2023.

*Cuarto.-* Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por parte da reclamante.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**PRIMEIRO.-**

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

**SEGUNDO.-**

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**TERCEIRO.-**

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

CSV: 07E80012F58600Q9C5P9T2I8N0



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80012F58600Q9C5P9T2I8N0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
VICENTE MARIÑO DE BRICIO-ALCALDES EN FUNCIONES - 27/01/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/01/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/01/2024 09:20:29

DOCUMENTO: 20241242502
Fecha: 29/01/2024
Hora: 09:20

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

**CUARTO.-**

En referencia agora ó presente caso**, a reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, e **segundo se fai constar no parte de servizo realizado pola Policía local, a titular do mesmo na data do sinistro é Dª Mª del Carmen González Esperante**, polo que ten lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento.

**A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Ribeira, como titular do viario no que tivo lugar o accidente**. A este respecto cómpre sinalar que o servizo de pavimentación das vías públicas é un servizo que deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no automóbil referido**, como se desprende do informe pericial que a reclamante achega coa súa reclamación.

Seguidamente, **cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público cal é o servizo público viario**, xa que a Administración ten o deber ineludible de manter as estradas que estean abertas á circulación pública de xeito tal que estea garantida en calquera momento a seguridade persoal daqueles que as utilicen. Isto implica o recoñecemento a favor destes dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que aquela está obrigada a garantir.

CSV: 07E80012F58600Q9C5P9T2I8N0



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80012F58600Q9C5P9T2I8N0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
VICENTE MARIÑO DE BRICIO-ALCALDES EN FUNCIONES - 27/01/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/01/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/01/2024 09:20:29

DOCUMENTO: 20241242502
Fecha: 29/01/2024
Hora: 09:20

Concello de Ribeira

Pois ben, no que ao presente suposto se refire **cómpre advertir que os informes que se achegan na instrución do expediente non son contestes.**

